

PROGRAMACION DE ECONOMIA DE 4º DA ESO

CURSO 2017-2018.
I.E.S. A PINGUELA.
PROFESORA: MARIA JOSE VEGA BUJÁN.

INDICE

A.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
B.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
C.	OBXECTIVOS XERAIS	12
D.	TEMPORALIZACIÓN-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	14
E.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	20
F.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	21
G.	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	21
H.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICADOCENTE	22
I.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	23
J.	ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS	23
K.	DESEÑO DA AVALIACION INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS.....	23
L.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	24
M.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	24
N.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26

A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A formación en Economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da Economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da Economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 (“Ideas económicas básicas”) recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 (“Economía e Empresa”) analízase o papel e o funcionamento da empresa na economía. O seguinte bloque (“Economía persoal”) está adicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque (“Economía e ingresos e gastos do Estado”) repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque (“Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego”) analízase os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar o bloque de “Economía internacional” fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mais valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Ademais da súa valiosa contribución á comprensión e interpretación da realidade, a materia é un medio de orientación académica vinculado co seu carácter preparatorio de estudos posteriores, sexan estes universitarios ou de formación profesional específica.

Neste curso académico implantaranse a LOMCE nos cursos pares (2º e 4ª de ESO e en 2º de bacharelato). Con respecto a 4º ESO vai ser o primeiro ano no que o alumnado ten a posibilidade de escoller cursar a materia de Economía dentro da opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato, como materia de opción do bloque de materias troncais.

En canto ao marco legislativo mencionar que para a elaboración e posta en práctica desta programación tómase como base a seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 120 de 29 de xuño de 2015).
- Resolución do 27 de xullo, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142 de 29 de xullo de 2015).
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/2017 para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .
- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato (BOE nº 183 de 30 de xullo de 2016)

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

a. Situación e centros adscritos: o noso instituto está ubicado na cidade de Monforte de Lemos, no interior da provincia de Lugo, recibindo alumnado non só do núcleo urbano senón tamén da zona rural, especialmente dos concellos de Sober e Pantón (onde se ubican os dous únicos colexios adscritos ó noso instituto), en moitas ocasiónes integrados en familias deprimidas economicamente.

b. Ensinos que oferta o centro

Se imparte ensino regulado nas etapas de ESO , de BAC (Ciencias e Tecnoloxía , Humanidades e CCSS), FPB I e II ,ciclos formativos de grado medio da familia profesional de imaxe persoal, administración e informática e ciclos formativos de grado superior da familia profesional de administración e informática .

c. Características singulares:

2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

a. Lingua materna dominante:

A lingua materna dominante é nos núcleos rurales a lingua galega, mentres que no núcleo urbano é a lingua castelá.

b. Alumnado con NEAE no curso actual:

Non hai.

c. Problemas sociais destacados: (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, etc.)

Se ben o número de inmigrantes nos grupos é baixo, nos últimos anos estamos a notar un progresivo aumento de alumnado inmigrante en idade de ensinanza obrigatoria (e incluso en FP Básica e ciclos) que se incorpora as aulas, procedente dos países do Leste de Europa e Centroamérica, normalmente con grandes dificultades de aprendizaxe e por debaixo do nivel que lle correspondería pola súa idade.

d. Outras características:

3.2.- OBXECTIVOS (adaptados ó contexto do centro e do alumnado)	
XENERAIS	
1	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2	Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
6	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
7	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
8	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
9	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
10	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

B. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o artigo 2 da Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, as competencias clave, son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Tal e como se describe na LOMCE, tódalas áreas do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais:

Estándares de aprendizaxe Economía. 4º de ESO	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
Bloque 2. Economía e empresa	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando 	<ul style="list-style-type: none"> • CD

razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
Bloque 3. Economía persoal	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL • CMCCT
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT

que se poden producir ao longo do tempo.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CMCCT
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
Bloque 6. Economía internacional	
<ul style="list-style-type: none"> • ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC

A relación de estándares de aprendizaxe de cada materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave é a seguinte:

ECONOMÍA 4ºESO

COMPETENCIA CLAVE	Nº ESTÁNDARES APRENDIZAXE (Total: 101)	% CONTRIBUCIÓN A CADA COMPETENCIA (1)
Comunicación lingüística(CCL)	15	14,85%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	23	22,77%
Competencia dixital (CD)	20	19,80%
Aprender a aprender (CAA)	17	16,83%
Competencias sociais e cívicas (CSC)	23	22,77%
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)	3	2,97%
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	0	0%

-
-
-
-

C.OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo o recollido no RD 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

D. TEMPORALIZACIÓN-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ECONOMÍA (4º ESO)

Economía. 4º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (Trimestre)
Bloque 1. Ideas económicas básicas			
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. 	1º
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. 	1º - 2º -3º
		<ul style="list-style-type: none"> ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. 	1º
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. 	1º-2º-3º
Bloque 2. Economía e empresa			
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno 	<ul style="list-style-type: none"> ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis 	1º

Economía. 4º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (Trimestre)
	inmediato.	apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. 	1º 1º
<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. • B2.6. Sectores da actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. 	1º
<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	1º
<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. • B2.9. Resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	1º
<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. 	1º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. 	1º
Bloque 3. Economía persoal			
<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. • B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. 	2º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. 	2º

Economía. 4º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (Trimestre)
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. 	2º
<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. 	2º
<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. • B3.5. Risco e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. 	2º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. 	2º
<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. O diñeiro. • B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. • B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. • B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. 	2º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. 	2º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. 	2º
		<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. 	2º
<ul style="list-style-type: none"> • B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. 	2º
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado			
<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Orzamentos públicos: 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de 	<ul style="list-style-type: none"> • ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así 	

Economía. 4º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (Trimestre)
Ingresos e gastos do Estado.	Ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	3º
		• ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	3º
		• ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	3º
		• ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	3º
• B4.2. A débeda pública e o déficit público.	• B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	• ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	3º
• B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	• B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	• ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	3º
		• ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	3º
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego			
• B5.1. Tipos de xuro. • B5.2. Inflación. • B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. • B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	• B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	• ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	2º
		• ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	2º
		• ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	2º-3º
• B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. • B5.6. Perspectivas da ocupación.	• B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	• ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	3º
		• ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as	3º

Economía. 4º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (Trimestre)
		políticas contra o desemprego.	
		• ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	3º
Bloque 6. Economía internacional			
<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Globalización económica. • B6.2. Comercio internacional. • B6.3. Integración económica e monetaria europea. • B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. 	• ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	3º
		• ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	3º
		• ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	3º
		• ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	3º
		• ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	3º

Para comprobar o nivel de coñecementos, habilidades e actitudes acadado durante todo o período de aprendizaxe, farase un sistema de avaliación que permita valorar o dominio dos mesmos ao inicio, durante e ao final do proceso instrutivo.

Para acadar os tres tipos de avaliacións anteriores é necesario recoller a maior cantidade de información posible, para o cal teranse en conta os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- Observación directa do traballo do alumno en todos os traballos e actividades propostos:
 - Seguimento do traballo diario do alumno e das súas intervencións orais na aula, da súa actitude cara a materia e cara os seus compañeiros. Terase en conta a participación coherente e respectuosa na clase e a realización das actividades propostas.
 - Traballos propostos, individuais ou en grupos, nos que se avaliará as pautas de forma e contido establecidas, o cumprimento dos prazos de entrega, a presentación, a calidade, a defensa oral, a coordinación e a participación no debate. Os traballos a presentar a seguinte estrutura:
 - Portada
 - Índice
 - Introducción
 - Desenvolvemento do contido
 - Conclusión
 - Bibliografía
 - Anexos (onde se recolla a información manexada polo alumno para elaborar o traballo, subliñada e discriminada)
 - Contraportada (folio en branco)
- Probas escritas
 - Se un alumno non asistiu a unha ou varias probas, deberá xustificar a falta documentalmente (certificado médico, citacións oficiais, ...).

Como instrumentos de avaliación usaranse rexistros cuantitativos para as probas escritas e rúbricas e rexistros cuantitativos para os traballos de investigación e as exposicións orais dos mesmos.

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía é un elemento intermedio entre o que se pretende conseguir e as actividades concretas. Podémola definir, por tanto, como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos planteados.

Principios Metodolóxicos de Carácter Xeral

A práctica educativa debe estar fundamentada por uns grandes principios que inspiren a acción e estes principios deberán concretarse en estratexias e técnicas. No planeamento educativo actual, recoñécense como principios metodolóxicos os seguintes:

- Asegurar a consecución de aprendizaxes significativos.
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Promover o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender.
- Impulsar a participación activa do alumnado.
- Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos.

Metodoloxía Específica

Trátase de conseguir que o alumno desenvolva habilidades e estratexias de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe, é dicir, aquelas relacionadas con "aprender a aprender", sumamente útiles o día de mañá para que o alumno poida perfeccionarse por si mesmo na súa profesión, adaptándose aos continuos cambios do contexto laboral.

No desenvolvemento diario das clases, serán principios indispensables: a atención á diversidade, a igualdade de oportunidades, que sexa unha metodoloxía activa, participativa e centrada no alumno/a, así como a aprendizaxe significativa.

A profesora, na primeira sesión do curso, realizará a presentación da materia e transmitirá verbalmente na aula ao alumnado o contido desta programación así como a estrutura das probas escritas.

No desenvolvemento das unidades didácticas, partírase do nivel de coñecementos previos que o alumnado ten e, baseándose neles, faranse as aclaracións oportunas, intentando conectar estes coñecementos cos xa asentados e mostralos como próximos ao ámbito do alumno para proporcionar unha aprendizaxe significativa.

Esquema de traballo, a seguir de xeito xeral, en cada unidade:

- Introducción da unidade e detección dos coñecementos previos do alumnado sobre os temas a tratar e espertar interese cara o tema.
- Exposición dos contidos e desenvolvemento na clase dos mesmos. Pedirase a participación do alumnado así como o seu seguimento e estudo diario.
- Realización de actividades prácticas e estudo de casos.
- Lectura de textos de apoio seleccionados pola profesora e relacionados coa materia, e traballarase sobre el, así, o alumnado observará a relación dos contidos coa realidade económica e empresarial e, permitirá, estudar a materia nun contexto totalmente actualizado.
- Investigación e exposición por parte do alumnado de temas relacionados coa unidade.
- Traballo individual do alumnado na realización das actividades propostas para o seu desenvolvemento na casa.
- Traballo individual ou en pequenos grupos no desenvolvemento de actividades na aula.

O libro de texto será o referente para o seguimento das distintas unidades de traballo. Este curso non figura oficialmente ningún libro de texto pero a profesora utiliza un manual que lle facilita ao alumnado o seu acceso.

A docente valorará a resposta do alumnado durante o proceso de aprendizaxe para a posta en marcha de medidas de reforzo ou adaptacións curriculares se fose necesario.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Aula con todas as súas dotacións: cadeiras, mesas, pizarra, tizas , ordenador de aula, canón de vídeo, pantalla, pizarra dixital.
- Libros de texto que servirán de fío condutor das materias:
- Apuntamentos.
- Lexislación vixente para que o alumno se familiarice con ela.
 - o Artigos de prensa e revistas especializadas (Emprendedores, Capital, ...) Lectura de prensa económica para facer un seguimento da actividade económica. Analizaranse e comentaranse noticias e artigos de prensa económica relacionadas cos temas obxecto de estudo.
- Emprego das novas tecnoloxías: acceso internet para busca de información. Recomendase a consulta de páxinas web, tales como:
Datos estatísticos de Galicia: www.ige.es
Datos estatísticos nacionais: www.ine.es
Páxina da Axencia tributaria www.aeat.es
Páxina del Ministerio de traballo e asuntos sociais: www.mtas.es
Portal da Administración Central, nas áreas temáticas economía, empresa, consumo, etc: www.administracion.es/marcos1.htm
Páxina do Ministerio de economía. Dirección Xeral de política da PYME: www.ipyme.org
Portais educativos de economía :

www.ecomur.com	www.ecobachillerato.com
www.econoaula.com	www.auladocente.com
www.aulafacil.org	www.laempresa.net
- En xeral utilizaremos reportaxes sobre temas de interés económico de fácil acceso en internet.

G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, que xa aparecen anteriormente recollidos no apartado D de esta programación.

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceremos medidas de reforzo, que se adoptarán en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe.

Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo cos momentos fixados pola xefatura de estudos, habitualmente coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto supoñerá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensinoaprendizaxe e conseguintemente a elaboración de propostas de mellora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4º ESO

- **Avaliación trimestral**

- Probas escritas (serán o 80% da nota da avaliación trimestral no suposto de que non haxa realización de traballos propostos, neste último caso as probas escritas): Faranse dúas probas escritas por trimestre que estarán en relación cos estándares de aprendizaxe correspondentes e cos contidos teóricos e prácticos. As notas obtidas en ambas probas non farán media. Os alumnos que non alcanzasen unha nota mínima de 4 deberán realizar outra proba escrita de recuperación antes ou despois da avaliación. De non obter na citada recuperación unha nota mínima de 4 , poderán no mes de xuño volver a presentarse a unha nova proba de recuperación que coincidirá coa data de recuperación do terceiro trimestre.
- Traballos propostos e presentación dos mesmos (como máximo ata un 20% da nota da avaliación trimestral da que se presenten.)
- **Avaliación final:**
- Para superar a materia, o grao mínimo esixible será alcanzar unha nota mínima de 5 en cada avaliación trimestral
- Farase a media das avaliacións trimestrais.

Para os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria de xuño programaranse probas extraordinarias no mes de setembro. Na convocatoria de setembro o alumno afrontará toda a materia.

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PROGRAMACIÓN

Indicadores	Valoración	Propostas de Mellora
1.Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na lexislación.		
2.Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realiza e anota as modificacións.		
4. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
6.Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades do		

alumnado.		
7. Establece procedimientos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.		

PROCESO DO ENSINO

Indicadores	Valoración	Propostas de Mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade con mapas conceptuais, esquemas, etc.		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; pon exemplos, etc.		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes		
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias de cada etapa educativa		
9. Plantexa actividades en grupos e individuais		

I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non é aplicable no caso desta materia.

J. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Non é aplicable no caso desta materia.

K. DESEÑO DA AVALIACION INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A avaliación inicial é un proceso encomendado ao equipo docente de xeito colectivo, o que permitirá un intercambio de información e opinión que facilitarán un ensino baseado nas necesidades e características dos alumnos.

A base da mesma será a observación do grupo e da a actitude de cada alumno cara á materia a través de intercambios orais, realización de exercicios ou actividades na aula.

A finalidade desta avaliación inicial será:

- Dispoñer de datos relativos ao entorno socio-familiar do alumno ou alumna, informando sobre as expectativas que se ten do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia, aspectos que inciden no seu desenvolvemento.
- Aportar información sobre o contexto escolar no que se move o grupo: profesorado, posibilidades de interacción con outros alumnos, con outros grupos...
- Definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con respecto ao currículo que se pretende desenvolver e as súas necesidades.
- Definir a intervención educativa que se vai levar a cabo cun alumno o alumna, priorizando os aspectos deficitarios que sexan precisos para o desenvolvemento de habilidades funcionais propias da súa idade.
- Concretar as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna utiliza para a incorporación de coñecementos e habilidades novas, permitindo unha ensinanza máis eficaz.

L. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación trata de ser o suficientemente aberta e flexible para que, ao longo do curso, se poidan facer cambios que dean resposta as diferenzas individuais nos estilo de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumno.

A través da avaliación e da realización de actividades procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñeranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención a diversidade, como proceda en cada caso concreto (asesorados polo Departamento de Orientación).

Esta resposta á diversidade de coñecementos, intereses, motivación, estilos e ritmos de aprendizaxe establecerémola na aula a través de :

- Formulación de actividades graduadas en función do nivel de coñecemento e intereses de cada alumno.
- Establecemento de estratexias de traballo cooperativo.
- Planificación de actividades de acordo coa curva de fatiga.
- Variedade na presentación de materiais.
- Utilizaranse ademais actividades tipo comentario de texto, esquemas conceptuais de contidos e ideas principais, resúmenes cos conceptos fundamentais, actividades con diferentes grados de dificultade.

M. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

No proceso de ensino-aprendizaxe fomentaranse ao longo do curso os seguintes elementos transversais:

- **Comprensión lectora e a expresión oral e escrita:**
 - Lectura comprensiva de textos e artigos relacionados coa realidade económica e empresarial.
 - Lectura do libro de texto de referencia. O seguimento da materia non so se fará mediante as explicacións da profesora e da toma de notas en clase senón tamén a través do libro de texto. Pedirase ao alumnado a lectura na casa y/ou na clase do

-
- libro para que traballen determinados contidos e aprendan a extraer os fundamentais de cada tema mediante técnicas de subliñado ou a realización de esquemas ou resúmenes escritos.
- Nas probas escritas prestarase especial atención á correcta escritura, orde e ortografía, así como á expresión de termos e unidades propias e específicas da materia.
 - Exposicións con apoio audiovisual que realice o alumnado sobre algún contido do currículo.
- **Comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación:** Dado que na aula se dispón de ordenador con conexión a internet, canon de vídeo e pizarra dixital utilizaranse as TIC's como recurso didáctico:
 - Presentación das unidades didácticas a través do libro dixital e de presentacións en power-point.
 - Uso de internet como recurso de busca de información, lecturas, resolución de exercicios,...
 - Uso de follas de cálculo para o traballo con datos económicos como a confección de táboas e representacións gráficas.
 - Proxeccións de vídeos e curtos de películas
 - Uso da relación de páxinas web e dos recursos dixitais que se recollen ao longo das unidades didácticas dos libros de texto.
 - **O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e da iniciativa empresarial:**
 - Valoración da función social que cumpre a empresa como xeradora de innovacións que melloran a calidade de vida e o benestar das persoas.
 - Desenvolvemento do espírito emprendedor a través de habilidades propias do emprendemento tales como a creatividade, o traballo en equipo, a autonomía, a resolución de problemas,...
 - Aprendizaxe a través dos erros e fracasos e recoñecemento positivo da asunción de riscos
 - **O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres,** a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social; así como a análise crítica de comportamentos e contidos

sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero:

- Análise e crítica das desigualdades laborais entre homes e mulleres.
 - Concienciación da igualdade de xénero, razas, etnias, etc no posto de traballo.
 - Reflexión sobre o papel da muller no mundo empresarial e no mundo laboral.
 - Rexeitamento da violencia de xénero e o uso dunha linguaxe sexista.
- **Educación cívica e constitucional.** A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e mulleres, e as persoas con discapacidade e o rexeitamento de calquera tipo de violencia:
 - Conciencia sobre a necesidade dun crecemento económico baseado nun desenvolvemento sostible.
 - Valoración da necesidade da responsabilidade e a ética nos negocios e a empresa.
 - Reflexión sobre a importancia dun sistema fiscal progresivo como instrumento para favorecer a equidade e a solidariedade.
 - Análise da relación existente entre o consumo abusivo, medioambiente e pobreza.
 - Establecemento das relacións baseados na solidariedade, cooperación e respecto cara os demais.
 - Concienciación da importancia de colaborar e participar activamente no sostemento dos gastos públicos tanto por parte das persoas como por parte das empresas.
 - Adquisición de conciencia de consumidor, como decisor autónomo, consciente dos seus dereitos e responsabilidades.
 - Uso do diálogo e da comunicación como medios indispensables para traballar en equipo, tomar decisións e chegar a acordos.
 - Rexeitamento dos comportamentos intolerantes.

N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este profesora fixo proposta ao Departamento de Administrativo para que este alumnado de 4º da ESO poda participar nalgunha actividade extraescolar que consista en visitar algunha empresa galega prevista na programación do devandito Departamento.

O. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Realizarase un seguimento periódico da programación contrastando o previsto e o realizado en: número de períodos lectivos cumpridos, unidades didácticas impartidas e resultados das probas escritas realizadas, analizando as desviacións e adoptando os axustes necesarios (adaptación de actividades, secuenciación de contidos, flexibilización do tempo, etc).

Para levar a cabo este seguimento partírase dunha serie de indicadores dos distintos elementos da programación.

A reflexión sobre os resultados obtidos plasmarase nun plan de mellora que contribuirá á determinación dunha programación gradualmente mais actualizada, significativa, viable e consensuada.

Asdo.: A PROFESORA